



Programa de Desenvolvimento Estratégico
Facultade de Fisioterapia

Período de validez do Programa: 2023-2026

Índice

Presentación - A aposta da Facultade pola calidade educativa e promoción da profesión.....	2
Participantes na Elaboración e Metodoloxía do Plan Estratéxico da FF	5
Antecedentes - Breves apuntamentos sobre a historia da Facultade de Fisioterapia.....	7
Diagnose da situación actual da Facultade de Fisioterapia	8
Misión, Visión e Liñas estratéxicas	10

Presentación

A aposta da Facultade pola calidade educativa e promoción da profesión

O Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade Fisioterapia (PDE-FF) nace dunha reflexión colectiva que senta as bases na mellora da calidade da ensinanza e a promoción da titulación na sociedade, na contorno nacional e internacional e no tecido empresarial. O marco de referencia que serviu como punto de partida foi o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro o 16 de decembro de 2020), no cal se define “a nosa Universidade como unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sustentabilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.”

A Facultade de Fisioterapia pretende contribuír á consecución da misión da Universidade enfocando as súas liñas estratéxicas e obxectivos cara aos retos da nosa institución. Conta cunha traxectoria de case 30 anos (1995- 2023) formando profesionais do ámbito da saúde; centrando a súa atención na excelencia da calidade da docencia sempre respondendo ás necesidades da sociedade.

En coerencia cos nosos valores, formamos un equipo humano multidisciplinar integrado por máis de 50 traballadores/as (PDI, PTXAS) pertencentes a diferentes áreas de 4 departamentos (Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, Análise e Intervención Psicosocioeducativo, Estatística e Investigación Operativa e Fisioloxía Inglesa Francesa e Alemá) cun obxectivo común: contribuír á formación de profesionais preparados para a atender as necesidades da sociedade.

Na actualidade, a Facultade conta con 23 docentes en diferentes áreas de coñecemento. Con todo, a área de fisioterapia só conta con 15 docentes. A categoría profesional dos/as docentes é moi dispar: 2 catedráticas de universidade, 1 catedrático de escola universitaria, 6 titulares de facultade, 8 contratadas doutoras, 4 profesores/as axudantes doutores/as, 4 profesores/as asociados/as. Tamén conta con 29 profesores/as e un titor asociado en ciencias da saúde nas distintas entidades onde o alumnado de carto curso realiza as prácticas externas curriculares.

No que se refire ao Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), a Facultade conta con unha Xefa de Negociado de Asuntos Xerais da Facultade de Fisioterapia, dous Auxiliares Técnicos de Servicios Xerais, que desenvolven as súas funcións na propia Facultade de Fisioterapia. Tamén conta co servizo de outros/as PTXAS con responsabilidade sobre a Facultade de Fisioterapia que desenvolven as súas funcións na Área Administrativa Centralizada localizada na Escola de Enxeñería Forestal e son a Administradora do Campus de Pontevedra, unha Xefa de Negociado de Administración, un Xefe de Negociado y unha Xefa de Área Académica, e dúas Xefas de Negociado e unha Xefa de Área Económica.

A procura da calidade está presente na nosa forma de actuar e, en coerencia

con este principio, a Facultade desenvolveu ao longo dos últimos vinte oito anos un Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) eficiente e consolidado, que permitiu enfocar os nosos retos e avaliar a súa consecución.

Na convocatoria 2000, a Escola Universitaria de Fisioterapia decide participar de forma voluntaria no "Plan Nacional de Avaliación da Calidade das Universidades". Acorde ás directrices dese plan, creouse unha Comisión de Avaliación da calidade a través da Xunta de Escola, que, entre outras funcións, realizou un Informe de Autoavaliación da Escola. A seguinte fase do proceso avaliador consistiu nunha visita da comisión de avaliadores externos, que ocorreu no mes de maio de 2001. O 23 de setembro de 2008, a Comisión de Garantía Interna de Calidade aprobou o Manual de Garantía Interna de Calidade e os procedementos, todos eles en cumprimento aos puntos establecidos no apartado nove do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro. Así, a comisión traballou na adaptación absoluta ao centro dos restantes procedementos co fin de presentar e obter a certificación de SGIC na convocatoria de Programa FIDES-AUDIT.

Para responder ao EEEES adaptouse a diplomatura ao grao en fisioterapia no curso 2009/2010, pasando a unha formación de catro anos. O estudiantado de primeiro curso dese ano académico xa comezaron a súa formación no Grao. Ao resto do alumnado ofrecéuselles a posibilidade de cambiar de plan de estudos. Deste modo a primeira promoción de graduados a graduadas en Fisioterapia saíu deste centro universitario no curso 2012-13.

Foi a única universidade en España en realizar a adaptación de todos os cursos de forma simultánea. Ademais, ese mesmo ano iniciouse o Curso de Adaptación ao Grao co fin de proporcionar aos/as egresados/as da diplomatura en converterse en graduados/as.

En 2010, A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) certifica o deseño do SGIC aplicable á ensinanza oficial impartida na Facultade Universitaria de Fisioterapia. Así, obtívose un informe positivo, conforme as directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES-AUDIT.

No curso académico 2013-2014, o SGIC da Facultade de Fisioterapia presentouse voluntariamente ao programa FIDES-AUDIT para a certificación da implantación do SGIC na 2ª convocatoria realizada pola ACSUG. Despois da segunda visita do equipo auditor, recibiuse un informe final "desfavorable". A pesar do resultado, este proceso serviu ao Centro e á Comisión de Calidade para detectar cales eran os seus puntos débiles, poñendo en marcha procedementos que estaban pendentes e que permitiron a súa mellora.

No curso 2016-2017 aprobouse presentase ao proceso de certificación de implantación do SGIC e á acreditación do Título. Pero debido a existencia de vacantes na Comisión de Calidade e a confirmación pola parte da ÁREA de Calidade da UVigo de que os procesos de acreditación e certificación irían por separado, unido á provisionalidade do equipo decanal naquel momento, a Comisión de Calidade considerado oportuno trasladar a súa decisión á Xunta de Facultade de pospoñer presentarse á certificación de implantación do SGIC para unha convocatoria posterior e so presentarse á acreditación da titulación. Despois do proceso de valoración recibiuse o informe con unha valoración de "favorable" e a consideración de que, nun prazo máximo de 3 anos, como é preceptivo, a ACSUG avaliaría o informe de seguimiento del título para avaliar o grao de

cumprimento co Plan de Melloras establecido.

Durante o curso 2018-2019 realizouse o seguimento interno e despois da realización do informe do anterior curso decidiuse volver a presentarse ao proceso de certificación da implantación do SGIC, na convocatoria 2019-2020, pero debido á situación de pandemia polo Coronavirus (Covid-19) retrasouse todo o proceso ata marzo de 2021, obtendo un resultado favorable.

Na actualidade xa está completamente implantado o plan 2020 (Resolución 27 de agosto 2020), sendo unha modificación do plan de estudos. En resposta ás necesidades do alumnado e da sociedade reorientáronse os contidos das materias e introduciuse materias optativas novas e foron reestruturadas outras, é dicir, no desapareceron, integráronse en outras xa existentes.

No curso 2021-2022 pone en marcha o título de Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia sendo o único deste carácter en todo o estado español.

Este PDE-FF pretende guiar as accións deste centro no período 2023-2027 tendo como premisas de actuación a necesaria simplificación dos procesos de calidade e a consideración do centro desde unha perspectiva holística. En primeiro lugar, apostamos por un PDE-FF motivador para a comunidade implicada, de utilidade real e cunha visión económica do esforzo burocrático. Isto implica unha coidadosa selección dos obxectivos, así como dos procesos e as ferramentas para a súa medición e control. En segundo lugar e, en relación co anterior, unha visión integradora de todas as dimensíons que conforman o centro favorecerá un enfoque de intervención máis eficiente e significativo para as persoas implicadas. Compartimos unha visión humanista e sistémica dos procesos educativos, considerando que as diferentes dimensíons (docencia, investigación, persoas, recursos e sociedade) constitúen un todo de natureza dinámica, complexa e interdependente. Unha acción coordinada de todas as dimensíons favorecerá avances que van máis alá da suma das partes.

Participantes na Elaboración e Metodoloxía do Plan Estratéxico da FF

O 30 de novembro de 2022 (Acta 72 da Comisión de Calidade), a Comisión de Calidade aprobou a composición do grupo de traballo e que serían os propios membros da Comisión de Calidade mais todos os membros da Facultade que puidesen estar interesados en facer parte dese grupo e que presentasen o seu interese ata a seguinte reunión da Comisión de Calidade.

Os integrantes do grupo de traballo son os seguintes enumerados:

- M^a Mercedes Soto González (PDI Área Fisioterapia, Coordinadora de Calidade e Decana da Facultade de Fisioterapia no momento da constitución do grupo)
- Iris Machado de Oliveira (PDI Área de Fisioterapia, Coordinadora de Calidade e Responsable de Relacións Internacionais e Mobilidade da Facultade)
- Iria Da Cuña Carrera (PDI Área de Fisioterapia, Vicedecana da Facultade de Fisioterapia)
- M^a del Rocío Abalo Núñez (PDI Área de Fisioterapia, enlace de Igualdade e Secretaria académica da Facultade de Fisioterapia no momento da constitución do grupo)
- Lorenzo Antonio Justo Cousiño (PDI Área Fisioterapia e Coordinador do Grao en Fisioterapia)
- Yoana González González (PDI Área de Fisioterapia e secretaria da Comisión de Calidade)
- Elena Vázquez Losada (PTXAS Administradora do Campus de Pontevedra)
- Vanesa Iglesias Pérez (representante Alumnado)
- Bruno Lemiña Ojea (representante Alumnado)
- Pablo Campo Prieto (Fisioterapeuta e representante de titulados)
- Perfecto Pampín Lado (Fisioterapeuta e representante da Sociedade)

O 15 de marzo de 2023 en reunión da Comisión de Calidade, acordouse a inclusión la alumna Raquel Reguera Arzúa como nova representante de Delegación de Alumnado na Comisión de Calidade e por conseguinte pasando a formar parte do grupo de traballo encargado da elaboración da proposta do Programa Estratéxico da Facultade de Fisioterapia.

O 13 xullo de 2023 reuniuse o Grupo de traballo para comezar a establecer a forma de funcionamento para a elaboración do programa e división de tarefas entre os membros do grupo. Analizouse tamén diferentes programas estratéxicos doutras facultades da Universidade de Vigo para de esa forma coñecer todos os campos necesarios a elaborar. Nesa reunión comezáronse a definir o Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que constitúe ese documento mais adiante. É importante destacar, como informou a decana en Reunión de Calidade do 26 de xullo, que as tarefas do grupo de traballo do programa estratéxico retrasou o seu comezo a xullo por motivo da visita da equipo avaliadora do proceso de acreditación do Grao en Fisioterapia no doso Centro que levouse a cabo no mes de xuño.

Na reunión do 02 de novembro o grupo de traballo avanzou na elaboración de diferentes apartados do programa estratéxico como a misión da facultade, fitos da historia da facultade, aposta da Facultade pola calidade educativa, e a

diagnose da situación do Centro e das súas titulacións.

Reunión del 08 de novembro o grupo de traballo avanzou establecendo os obxectivos de calidade do Plan Estratéxico da Uvigo relacionados coas debilidades e ameazas identificadas e en establecer as liñas estratéxicas do Centro e os obxectivos estratéxicos previstos para a ventá temporal dende o curso 2023-24 ata o curso 2025-26.

Finalmente os días 15, 21 y 27 de novembro realizanse os últimos detalles do borrador do PEC FF incluíndose os procedementos de calidade relacionados con cada liña estratéxica ben como os indicadores a medir e as súas respectivas metas a alcanzar.

O día 29 de novembro distribúese o borrador do programa estratéxico entre os grupos de interese e se lles invita a que realicen as suxestións que consideren oportunas.

En reunión de Comisión de Calidade e de Xunta de Facultade realizadas o día 01 de decembro de 2023 apróbase a versión final do Programa estratéxico da Facultade de Fisioterapia 23-24 a 25-26.

En resumo os traballos de preparación do programa estratéxico da Facultade de Fisioterapia comenzaron o 30 de novembro de 2022 coa aprobación do grupo de traballo responsable da elaboración do borrador do programa e finalizou coa súa validación da versión final en reunión de Comisión de Calidade e Xunta de Facultade o 01 de decembro de 2023. O PDE-FF está dispoñible a través da páxina web da Facultade de Fisioterapia, tanto para a comunidade universitaria como para a consulta de calquera membro da sociedade. A elaboración do PDE-FF foi un proceso liderado pola propia Facultade seguindo o procedemento DE01-05 “Programación e desenvolvemento Estratéxico”, tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

Antecedentes

Breves apuntamentos sobre a historia da Facultade de Fisioterapia

A facultade de Fisioterapia serve de vehículo de proximidade da profesión de fisioterapeuta co ámbito socioeconómico, sobre todo, da área xeográfica na que se subscribe a Universidade de Vigo, como son as provincias de Pontevedra e Ourense. Con todo, o centro conta con estudantado do resto do territorio autonómico así como de outras comunidades autónomas. Actualmente na Facultad de Fisioterapia impártense os títulos de Grao en Fisioterapia e o Máster Oficial en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia.

Os estudos de Fisioterapia na Universidade de Vigo existen dende o curso académico 1995-1996, cando a titulación ofrecida era a Diplomatura en Fisioterapia. Na actualidade é o Grao en Fisioterapia (dende o curso académico 2009-2010), e o centro responsable pola súa impartición é a Facultade de Fisioterapia localizada no Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo. Primeiramente, chamada Escola Universitaria de Fisioterapia de Pontevedra e na actualidade, como mencionado anteriormente, Facultade de Fisioterapia. Da Escola de Fisioterapia saíron 13 promocións de Diplomados/as en Fisioterapia e en xuño de 2023 saíu, da Facultade de Fisioterapia, a décimo cuarta promoción de graduados e graduadas en Fisioterapia.

O número de prazas de novo ingreso é de 50, con unha ensinanza de tipo presencial, con un número de ECTS de 240 e as linguas utilizadas durante o proceso formativo son o castelán e o galego.

Con respecto ao Máster Oficial de Exercicio Terapéutico en Fisioterapia conta tamén con un tipo de ensinanza presencial e a rama de coñecemento á que pertence é a de Ciencias da Saúde. Oferta anualmente a cantidade de 20 prazas de novo ingreso e o título integra un total de 60 ECTS. A data de comezo destes estudos foi setembro de 2022, saíndo en xuño de 2023 a primeira promoción de titulados e tituladas.

A Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo conta cun centro propio, o cal posee distintos laboratorios de prácticas, laboratorios de anatomía e fisioloxía humana, laboratorio de experimentación, salón de graos, aula de informática, aula de estudos, e aulas para as exposicións maxistrais das materias.

Diagnose da situación actual da Facultade de Fisioterapia

Dimensión Interna	
Debilidades	Fortalezas
<p>(Fan referencia ás carencias que presenta o centro ou a titulación ou aquelas dimensión na que se sitúa a nivel inferior respecto dun referente que se toma como modelo)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Baixa integración e cooperación entre os grupos de investigación para atopar sinerxías no ámbito da atención clínica. • Dificultades de acceso a financiamento para desenvolvemento de I+D+I por parte dos grupos investigadores. • Interacción bidireccional mellorable entre o tecido empresarial e a Facultade de cara á participación conxunta en actividades de investigación e transferencia. • O reducido coñecemento de lingua estranxeira do persoal docente e PTXAS para seren mais competitivos no eido da docencia e administración, investigación, transferencia e inserción. • Escaso numero de PDI contratado estable e difícil recoñecemento das tarefas de xestión pois non se computan para a creación de novas prazas de persoal docente fixo. • Baixo número de docentes que participan no Programa DOCENTIA quinquenal. • Falta dun Programa de Doutorado que de oportunidade de continuación dos estudos de máster que desenvolve o alumnado do Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia. 	<p>(Engloban ás capacidades, recursos, accións, etc que fai posible que o centro/título acade uns resultados óptimos. As fortalezas son as vantaxes coas que contamos para acadar os obxectivos estratéxicos)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Persoal docente especialista en diferentes ámbitos/especialidades. • Elevado número de convenios con institucións para a realización de prácticas curriculares. 29 profesores asociados en ciencias da saúde coa función de supervisar e seguir e avaliar o desenvolvemento das prácticas curriculares do alumnado do grao en fisioterapia. • Oferta de titulacións ben adaptadas ás demandas sociais da que se deriva unha elevada porcentaxe de cobertura de prazas. • Facultade con titulacións propias de fisioterapia, Grao en Fisioterapia e Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia, o que favorece unha adecuada convivencia do alumnado e a súa atención personalizada. • A facultade está comprometida coa igualdade en todos os ámbitos. • Un sistema de calidade ben asentado que consta de acreditacións e de selos de excelencia. • Incorporación nos últimos anos de profesorado a tempo completo, cunha importante renovación do PDI. • Equipos de investigación que publican en revistas de gran impacto. • Equipamento e coñecemento tecnolóxico para desenvolver a docencia práctica e teórica. • Capacidad de resposta para tratar situacións organizativas urxentes de forma rápida e eficaz. • Elevada inserción laboral dos titulados e tituladas do Grao en Fisioterapia.

Contorna externa	
<p>Ameazas <i>(Teñen que ver cos obstáculos que atopamos na consecución dos nosos obxectivos. Inciden nos nosos resultados. É importante identificar as ameazas con antelación para poder adiantar mecanismos que nos permitan evitalas ou minimizalas)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Previsible perda de estudiantes debido ao contexto socio demográfico dos próximos anos. • Competencia co resto das universidades do sistema universitario de Galicia para recibir alumnado de Ourense e Lugo. • Aumento do inglés como lingua franca no ámbito internacional. • Falta de financiación estable dos grupos de investigación. • Dificultades para obtención de sexenios polo profesorado por dureza dos criterios do ámbito de biomedicina. 	<p>Oportunidades <i>(Representan unha ocasión para a mellora no centro e/ou nas titulacións. Poden estar asociadas a innovacións ou cambios que poden supoñer unha ocasión para o avance, a mellora e mesmo a excelencia)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Proximidade xeográfica e lingüística da Facultade con cidades da Euro rexión Galicia-Norte de Portugal. • Recente consciencia na sociedade da necesidade de unha formación continuada para as persoas ao longo de súa vida. • A calidade de vida en Galicia para atraer o estudiantado. • O retorno de persoas vinculadas coa emigración pola situación política en América Latina. • Taxas públicas mais baixas de España. • Investigación relacionada coa mellora da calidade de vida da poboación afectada por diferentes procesos patolóxicos.

A análise da actual situación da Facultade de Fisioterapia e da súa contorna fixose mediante unha análise DAFO. Esta reflexión foi unha ferramenta clave no desenvolvemento do presente programa. En función desta análise, definiranse posteriormente as liñas estratéxicas do noso centro e os obxectivos e metas a acadar. Preténdese unha posta en valor das nosas fortalezas para superar as debilidades, controlar as ameazas e aproveitar as oportunidades.

Misión, Visión e Liñas estratéxicas

Misión e Visión da Facultade de Fisioterapia

O obxectivo xeral do Título de Grao en Fisioterapia é formar profesionais fisioterapeutas xeralistas, con preparación científica e capacitación suficiente como para que poidan describir, identificar, tratar e comparar problemas de saúde aos que se pretende dar resposta dende a Fisioterapia, utilizando para iso o conxunto de métodos, procedementos, modelos, técnicas e actuacións que, mediante a aplicación de métodos físicos, curan, recuperan e adaptan a persoas afectadas de deterioración, limitacións funcionais, discapacidades ou cambios na función física e no estado de saúde, producidos como resultado de unha lesión, enfermidade ou outra causa; empregando tamén esos medios na promoción e mantemento da saúde, e na prevención das enfermidades e das súas consecuencias. Todo iso considerando ao individuo na súa tripla dimensión: biolóxica, psicolóxica e social. A Facultade de Fisioterapia é un centro público, esencialmente de natureza presencial, que imparte formación de Grao e Posgrao enfocada á formación de profesionais do ámbito das ciencias da saúde, concretamente Fisioterapeutas. Cun percorrido de casi 30 anos neste eido, o noso centro persegué este reto mediante unha ensinanza e investigación de calidade sempre baseada na evidencia científica mais recente no campo da rehabilitación. Pretendemos ser unha Facultade de referencia na Universidade de Vigo e no sistema Universitario de Galicia capaz de captar alumnado de todas as provincias e que sexa un referente non soamente Galego, se non nacional na formación de futuros Fisioterapeutas.

A Facultade de Fisioterapia, ademais, co desenvolvemento do Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia pretende mellorar os servizos de fisioterapia para a sociedade e desenvolver investigación no ámbito do exercicio terapéutico en diferentes patoloxías para mellorar a saúde da poboación. O máster de Exercicio Terapéutico en Fisioterapia ten carácter académico ao tratarse de estudos de ensinanzas oficiais; de especialización por desenvolverse nun ámbito da fisioterapia; e investigador ao realizar un traballo nesta liña e ademais de dar acceso aos estudos de doutorado.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación	Obxectivo 3 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: Desenvolver unha oferta de titulacións propias tanto presencial como en liña que responda ás necesidades da entorna.	Liña estratégica FF1. Creación dun programa de doutorado	<p>Curso 23-24</p> <p>Avaliación dos criterios que deben cumplir a Comisión Académica de Doutorado para saber se é factible presentar unha proposta independente como Facultade ou se será necesario unha proposta conxunta con outras titulacións e presentación da declaración de interese ao Ministerio de Educación e Ciencia en tempo e forma.</p> <p>Curso 24-25</p> <p>Unha vez aprobada a declaración de interese, establecer unha comisión que será a responsable da creación da memoria do programa independente ou conxunto en función das posibilidades.</p> <p>Curso 25-26</p> <p>Inicio do programa e posta en marcha das actividades relacionadas co programa.</p>
	Obxectivo 4 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado.	Liña estratégica FF2. Incrementar o número de docentes con avaliación positiva no programa DOCENTIA quinquenal.	<p>Curso 23-24</p> <p>Avaliación das dificultades e causas da baixa participación do profesorado na convocatoria de DOCENTIA quinquenal.</p> <p>Curso 24-25</p> <p>Implantación. Desenvolvemento de formación específica ao profesorado sobre o proceso de preparación da documentación para a presentación na convocatoria.</p> <p>Curso 25-26</p> <p>Comprobar que o profesorado preséntase á convocatoria e o seguimento da avaliación.</p>

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
	Obxectivo 5 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo: Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.	Liña estratéxica FF3. Promover unha oferta de materias de Grao e Máster en inglés para favorecer a internacionalización.	<p>Curso 23-24</p> <p>Deseñar procedementos e ferramentas para a identificación dos coñecemento en lingua estranxeira do profesorado e alumnado para coñecer a demanda e interese de ambos grupos en ofertar/recibir docencia en outros idiomas. En este curso xa facilitase o acceso ás guías docentes nos tres idiomas. O profesorado recibirá docencia específica para a docencia en inglés.</p> <p>Curso 24-25</p> <p>Implantación de grupos prácticos de diferentes materias optativas que impartiranse en inglés para fomentar a formación de profesorado, alumnado saínte e captación de alumnado estranxeiro.</p> <p>Curso 25-26</p> <p>Seguir coa implantación de materias ou grupos en inglés e coa formación do profesorado para permitir a medio prazo unha proposta de internacionalización das titulacións da facultade.</p>
Investigación	Obxectivo 7 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo: Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.	Liña estratéxica FF5. Facilitar os coñecementos sobre as distintas convocatorias de financiación da investigación existentes e promover cursos de formación asociados con esas posibilidades de participación.	<p>Curso 23-24</p> <p>Analizar as liñas de investigación dos diferentes grupos para identificar as posibles sinerxías que poidan haber con outros grupos de investigación da propia Uvigo, de outras universidades do sistema español e de fora de España.</p> <p>Cursos 24-25 e 25-26</p> <p>Levar a cabo accións formativas para a preparación de solicitudes de proxectos nacionais e internacionais.</p>
	Obxectivo 20 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo: Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade.	Liña estratéxica FF6. Alcanzar un maior número de sexenios entre o profesorado da Facultade.	<p>Curso 23-24</p> <p>Identificar os motivos de falta de participación nas convocatorias de sexenios e dos motivos de denegación no caso do profesorado que o tivese solicitado.</p> <p>Curso 24-25 e 25-26</p>

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
			Promover seminarios de formación sobre os procedementos a seguir para a convocatoria e medir a participación do profesorado nas convocatorias. Desenvolver a liña estratéxica FF5 contribuiría a unha producción científica de maior calidade e que permitiría a obtención dos sexenios.
Persoas	Obxectivo 24 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.	Liña estratéxica FF7. Alcanzar un maior número de profesorado estable da área de fisioterapia.	<p>Curso 23-24</p> <p>Insistir xunto ao equipo reitoral sobre a necesidade do recoñecemento das horas que se desgraván ao profesorado fixo relacionadas coas tarefas de xestión e de titorización de TFG/TFM e que son horas que recaen permanentemente na área de fisioterapia. Este recoñecemento permitiría a solicitude de prazas de profesorado axudante doutor coa a posibilidade de consolidación dese profesorado.</p> <p>Curso 24-25</p> <p>Na actualidade o Centro conta con unha Profesora Permanente Laboral interina da área de fisioterapia con posibilidade de consolidación no curso académico 24-25.</p> <p>Curso 25-26</p> <p>Nese curso existe a previsión de consolidación de outros dous/dúas profesores/as axudantes doutores da área de fisioterapia.</p>
	Obxectivo 26 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: 26. Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública	Liña estratéxica FF8. Captar máis alumnado de fora da provincia e inclusive do estranxeiro tanto para o Grao en Fisioterapia como para o Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia.	<p>Cursos 23-24 a 25-26</p> <p>Por motivo do reducido número de alumnado procedente das provincias de Ourense e Lugo entre o alumnado matriculado no Grao en Fisioterapia da Uvigo nos últimos anos, establecerse diferentes contactos (envío de documentación, videoconferencias, charlas presenciais entre outros) co persoal orientador de institutos de referencia desas zonas para a promoción do Grao en Fisioterapia da Uvigo.</p> <p>Ademais, no caso Máster difundir a publicidade a través das delegacións de alumnado das diferentes Facultades do Sistema Universitario público español que teñan o Grao en Fisioterapia e contactar coas institucións de ensino superior de lingua española en</p>

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
			outros países con convenio coa Uvigo para a difusión da publicidade do mestrado.
Organización e recursos	Obxectivo 11 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: Mellorar e xestionar de forma eficiente en sostible as infraestruturas universitarias.	Liña estratégica FF4 Mellorar a eficiencia dos recursos materiais da Facultade.	Curso 23-24 a 25-26 Diminución dos horarios de clase en horarios nocturnos para aproveitamento da luz natural. Avaliación do estado da cuberta e reparación da mesma así como a colocación de paneis solares para permitir un maior aforro enerxético. Remodelación de espazos da facultade permitindo unha mellor distribución do alumnado en diferentes materias.
Relación coa sociedade	Obxectivo 20 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo: Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade.	Liña estratégica FF9. Estabelecer novos convenios de colaboración e potenciar os existentes para a realización de proxectos de investigación clínica e a transferencia á sociedade dos resultados desas investigacións.	Curso 23-24 Identificar os convenios cos que os grupos de investigación contan e as posibilidades de novas colaboracións para o desenvolvemento de novos proxectos. Curso 24-25 y 25-26 Dar a coñecer os resultados das investigacións tanto para a propia comunidade académica e os organismos cos que colaboran os diferentes grupos e comezar novos proxectos.

